

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de marzo de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dous de marzo de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(251).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 17 de febreiro e extraordinaria e urxente do 21 de febreiro de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(252).- DAR CONTA DAS SEGUINTES SENTENZAS E AUTOS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do Xulgado do C-A nº 1 de Vigo. Demandante: JOSE ANTONIO QUINTAS DOBAÑO. Procedemento: Abreviado 299/2011. Obxecto: Responsabilidade patrimonial. Estimado o recurso.

b) Sentenza do Xulgado do C-A nº 2 de Vigo. Demandante: MANUEL CACABELOS BOUZADA. Procedemento: Abreviado 456/2011 (procedemento sancionador tráfico) .Desestimado o recurso.

c) Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia nº 9 de Vigo. Demandante: ALLIANZ SA. Procedemento: Xuízo Verbal nº 612/2011. Obxecto: Reclamación de cantidade por danos. Estimado o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 247/11. Demandante: D. DAVID MENDEZ CEPEDA. Obxecto: Resolución de Te-soureria do 11 de xullo do 2011, inadmisión de recurso de revisión en relación con sancións de tráfico (nic). Expdte: 186888/280. Desestimado o recurso.

e) Sentenza do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, non rec. Apelación nº 7079/2011 interposto por C.P. PRAZAS DE GARAXE DE DR. CADAVAL Nº 4 contra Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 138/10, de reclamación patrimonial. Desestimado o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 65/2011 p.o. Demandante: Dª CRISTINA COMESAÑA CARREIRA. Obxecto: Resolución do Pleno 29/11/2010 en relación co Inventario. M.B. e D, Camiño da Regueira, Ramal 5º, Comesaña. Expte. 18845/240 e 14685/423. Desestimado o recurso.

g) Sentenza do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, no rec. Apelación nº 7089/2011, interposto por Dª. CRISTINA VALLE RIVEIRO contra Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 402/2010, sobre reclamación patrimonial. Desestimado o recurso.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 388/11. Demandante: D. F.J. CARBALLO ACUÑA E D. A. FREIRE ESTEVEZ. Obxecto: Desestimación "presunta" do recurso contra acto do 22/02/2011, convocatoria de dúas prazas de "Inspector principal" Policía Municipal. Inadmisibile o recurso.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 262/11. Demandante: D. VICTOR M. CAMPOS ALBENIZ. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial (Expte: 3041/243). Desestimado o recurso.

k) Sentenza do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, no rec. Apelación nº 257/2011, interposto por Dª. ADRIANA R. BLANCH, Dª NATALIA PAZOS, Dª. M.L. MENDEZ E Dª. TANIA GARCIA contra Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 321/2010, sobre provisión de postos. Desestimado o recurso.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 226/11. Demandante: Dª. MÓNICA GUISANDE FONTEROSA. Obxecto: Resolución do 29/06/2011, sanción de tráfico (Expte: 118608973.) Estimado o recurso.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 301/11. Demandante: D. CARLOS RUIZ FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do 4/05/2011 (estimación parcial) reclamación patrimonial (Expte: 2358/243). Desestimado o recurso.

n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 422/11. Demandante: D. EMILIO ALVAREZ CID. Obxecto: Resolución do 28/04/2011, sanción de Tráfico (Expte: 108705700) Desestimado o recurso.

o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 336/11. Demandante: Dª. NOA VELOSO LAUZARA. Obxecto: Resolución do 20/06/2011: inadmisión por falta de lexitimación activa de reclamación patrimonial (Expte: 2987/243) Desestimado o recurso.

p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 275/11. Demandante: D. MARCOS MARTÍNEZ DOMINGUEZ. Obxecto: Resolución do 14/03/2011, XGL, solicitude revisión de oficio de bases de promoción interna en administrativos e auxiliares administrativos (XGL do 5/08 e 24/09/2011) OEP-2008. Desestimado o recurso.

q) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 390/11. Demandante: Dª. DOLORES RODRÍGUEZ ESTEVEZ. Obxecto: Resolución do 11/11/2011, sobre reclamación patrimonial (Expte: 3034/243). Desestimado o recurso.

r) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 238/11. Demandante: D. MANUEL F. GOMEZ ARIAS. Obxecto: Resolución do TE-A, Concello de Vigo do 21/06/2011, reposición contra dilixencia embargo sancións de tráfico. Desestimado o recurso.

s) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no RC-A nº P.A. 267/2011. Demandante: Dª. VICTORIA RODRÍGUEZ BARROS. Obxecto: Resolución do 18/05/2011, reclamación patrimonial (Expte: 2546-243). Desestimado o recurso.

t) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 374/2010 . Demandante: Dª. LUZ GONZALEZ VICENTE. Obxecto: Resolución

do 21/06/2010, reclamación patrimonial (Expte: 2588-243) Desestimado o recurso.

u) Auto do Xulgado do Social nº 1 de Compostela no RC-A nº 1068/2008: Seguridade Social . Demandante: D. JUAN A. CABO PALLAS, bombeiro. Obxecto: Resolución do INSS do 13/11/2008, Seguridade Social, IT por enfermidade común (e incapacidade permanente social). Desestimento do actor.

v) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no RC-A nº 99/2011 p.o. Demandante: D. CONSTANTINO GARCÍA PÉREZ. Obxecto: Resolución do 17/01/2011, reclamación patrimonial (expte. 2120-243). Desestimado o recurso.

x) Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 314/2011 P.A. Demandante: D^a CARMEN ALONSO ACUÑA. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación (e expresa serodia), reclamación patrimonial. Expte. 2955/243. Desestimento da actora.

y) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 321/2011 P.A. Demandante: D^a CAROLINA PUJALES CASAL. Obxecto: Resolución 25/10/2011, sanción de tráfico. Desestimado o recurso.

z) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 328/2011. Demandante: D. CELSO ALONSO BLANCO. Obxecto: XGL 29/07/2011 (en reposición). Reclamación económica en relación coa reincorporación ao servizo activo. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(253).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS AO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA ENTIDADE COLABORADORA DA SEGURIDADE SOCIAL PARA COBERTURA DAS CONTINXENCIAS PROFESIONAIS. EXPTE. 21903/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 28.02.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1.- FREMAP, Mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades Profesionales de la Seguridade Social nº 61 cunha puntuación total de 111 puntos.

Segundo.- Requirir o licitador clasificado en primeiro lugar, FREMAP, Mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades Profesionales de la Seguridade Social nº 61,

para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):
Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requirit a empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 669,62 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2010, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

4(254).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19292/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Especial, do 25.01.12, conformado pola concelleira de Contratación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a revisión ordinaria do contrato de mantemento e conservación do alumbrado público, adxudicado a empresa Imes- api, por acordo da XGL de 23 de xaneiro de 2006, quedando éste establecido a partir do 1 de maio de 2011 a 30 de abril de 20112 na cantidade de 1.878.660,29 euros/ano.

2º.- Recoñecer a empresa adxudicataria en concepto de atrasos dende o 1 de maio de 2011 a 31 de decembro de 2012 a cantidade de 42.751,40 euros.

3º.- O gasto anterior poderá imputarse a partida presupuestaria 16502279903.

5(255).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓNS E DEMOLICIÓNS XERADAS POLO TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 947/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 13.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:
Adxudicar a Transporte Pablo Val, S.L. o procedemento aberto para a contratación SERVIZOS DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓNS E

DEMOLICIÓNS XERADAS POLO TALLER DE VIAS E OBRAS. EXPTE. 947-440 por un prezo total de 120.000.- euros (IVE incluído) e un desconto porcentual do 30% respecto dos prezos unitarios fixados no prego de prescricións técnicas.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

6(256).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO SERVIZO DE DEPORTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA ORGANIZAR A CARREIRA 10 KM CIDADE UNIVERSITARIA O DÍA 11.03.12. EXPTE. 11091/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 23.02.12, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, a organizar o vindeiro 11 de marzo de 2012, a carreira 10 Km Cidade Universitaria, e que percorrerá a estrada de circunvalación do Campus Universitario Lagoas – Marcosende, tramo da estrada de acceso ao Campus dende a Autovía A-52 situado entre a estrada a Cidade Deportiva do Circulo Mercantil e a rotonda que marca o inicio da circunvalación ao propio Campus Universitario, ademais do interior da Cidade Deportiva do Círculo Mercantil e as vías interiores do Campus de Lagoas Marcosende. A devandita proba comenará ás 11.00 horas e rematará ás 13.00 horas.

7(257).- BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA 2011-2012. EXPTE. 11097/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.02.12, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.01.12, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a concelleira delegada de Economía e Facenda e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da tempada 2011/2012.

2º.- Autorizar o crédito de 600.000,00€ (Seiscentos mil Euros) con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro” do vixente orzamento.

Bases e Convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á actividade deportiva da tempada 2011/2012.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2 establecen que o municipio exercerá en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma em materia de actividades e instalacións deportivas e a Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar e promover a actividade deportiva.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2012 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 "subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro", un crédito por un importe total de 600.000,00€ (Seiscientos mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar na financiación da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuir a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado correspondan ao funcionamento da entidade, os ocasionados pola actividade propia desta e os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas, tales como os gastos de pagamento de licencias federativas, viaxes, aloxamento e comidas, arbitaxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo da tempada 2011/2012, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estos de 12.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións. As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización de eventos deportivos, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade durante a tempada.

A tempada deportiva 2011/2012 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou dos deportistas individuais. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe que se adxuntará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 600.000,00€ (Seiscientos mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 "Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen

nova convocatoria cando se den as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2.1. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

2.2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2009-2010, 2010-2011 ou 2011-2012

2.3. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

3. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4. Débedas coas Administracións Públicas:

- As entidades que soliciten subvencións por importe superior a 3.000,00€:
 - Acreditarán acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
 - Autorizan á Comisión avaliadora a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achán ao corrente das súas obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria, o Concello de Vigo e o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, consente tal extremo.
- As entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€:
 - Acreditarán que se achán ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia

Tributaria, o Concello de Vigo e o IMD mediante a presentación dunha declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

En calquera dos casos, entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.-Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia da financiación municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.

2º.-Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.-Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito para a no procedemnto de concesión da subvención.

4º.-Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

5º.-En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 100 puntos:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1.	Relevancia da modalidade deportiva e nivel das competicións en que participen os equipos ou deportistas integrantes da entidade deportiva.	Ata 35 puntos
a.2.	Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local.	Ata 25 puntos

b) Promoción do deporte base:

b.1.	Promoción da actividade deportiva na base; terase en conta a participación ou non no programa Municipal de escolas deportivas, os proxectos de colaboración asinados con centros educativos para o desenvolvemento de programas deportivo-educativo.	Ata 5 puntos
b.2.	Número de equipos e/ou deportistas de categoría feminina.	Ata 10 puntos
b.3.	Número de equipos e/ou deportistas ata categoria xuvenil incluída.	Ata 10 puntos

c) Estrutura da entidade deportiva:

c.1.	Gastos en aluguer de instalacións deportivas.	Ata 5 puntos
c.2.	Desprazamentos a competicións oficiais, distancia e número de deportistas desprazados.	Ata 5 puntos

c.3.	Número de técnicos titulados no proxecto global do club. Na valoración deste criterio terase en conta a presentación das copias compulsadas dos títulos dos monitores/entrenadores aos que se desexa incluír na valoración, xunto con unha certificación asinada polo secretario do clube no que se constate o proxecto/equipo ao que se vincula cada monitor, coa sinatura e o Vº Bo do monitor.	Ata 3 puntos
------	---	--------------

d) O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valorarase ata 2 puntos. Na valoración deste criterio terase en conta o emprego da lingua galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de promoción, cartelería, anuncios..., e en xeral na realización das actividades da entidade.

Os datos a puntuar corresponderán as actividades da tempada 2011/2012.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos no apartado anterior.

O importe total da convocatoria se distribuirá entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

1. Anexos: Modelos e certificados de solicitude correspondentes ós anexos I de solicitude da subvención:

Anexo I.1	<u>Instancia de solicitude da subvención.</u>
Anexo I.2	<u>Certificado das competicións e categorías nas que participa.</u>

Anexo I.3	<u>Orzamentos de Ingresos e de gastos.</u>
Anexo I.4	<u>Declaracións responsables:</u> <ul style="list-style-type: none"> • Sobre as subvencións solicitadas e/ou concedidas. • Sobre a non incursión nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. • Sobre a representación legal da entidade. • Sobre a ausencia de débedas coa Consellería de facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, a Seguridade Social, o Concello de Vigo e o IMD (No caso de solicitar unha subvención por importe inferior a 3.000,00€).

• Outra documentación obrigatoria:

2.1. Certificado orixinal ou copia compulsada da Federación correspondente do número de equipos federados en cada categoría e do número de licencias en cada categoría na tempada 2011/2012.

2.2. Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.

2.3. Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.

2.4. Proxecto das actividades da entidade, cos datos referentes ás actividades nas que participan e as que organizan, etc. (Competicións nas que participa, nº de equipos e/ou deportistas, categorías, desprazamentos, torneos ou competicións nos que participa ou aqueles que organiza e que colaboran na dinamización do deporte local...).

2.5. Calendarios oficiais de competición.

2.6. No caso de solicitar unha subvención por importe superior a 3.000,00€, deberán presentar xunto coa solicitude os Certificados orixinais ou copias compulsadas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonante co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Deportes será a encargada da instrucción do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta porlo concelleiro de Deportes, o xefe de Servizo da Área de Deportes e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instructor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrucción e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación

presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcrido este prazo sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 15 de outubro de 2012 o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Trascorrido este prazo perderase o dereito a percibi-la subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen.

Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, cuns contidos mínimos no aspecto deportivo (Incluíranse os datos referentes ás competicións nas que participou a entidade, os equipos ou deportistas que a integran, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso,...).
- Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación):

Anexo II.1	Conta Xustificativa-Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
Anexo II.2	Declaración responsable
Anexo II.3	Balance de ingresos e gastos

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite

debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

4º.- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou pola propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

5º.- Instalacións Deportivas Municipais: En relación a xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

6º.- Nas subvencións concedidas a entidades dependente ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

7º.- Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En todo caso, a solicitude de devolución das facturas deberá ser efectuada, por escrito, xunto a presentación da xustificación, e sempre previamente ó pago da subvención acadada.

- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

Pérdida do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2012, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

8(258).- NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM) 0-3 PARA O CURSO 2012-2013. EXPTE. 13628/332.

Visto o informe-proposta do técnico Superior de Educación, do 17.02.12, conformado polo xefe do Servizo de Educación e a concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2012/2013, conforme ao texto que se inclúe no expediente.

2º.- Facultar á concelleira delegada de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2012-2013, de acordo co calendario previsto nas Normas citadas.

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2012-2013

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas nas Escolas Infantís Municipais 0-3 (EIM) dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2012/2013 e establecer a convocatoria e calendario de solicitude.

SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

1. *Que o neno/a teña a súa residencia en Vigo e teña nacido no momento de presentar a solicitude*

2. *Idade do neno/a*
 - *Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso*
 - *Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2012*
1. *Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.*

TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas
As prazas adxudicaránse por esta orde:

A) Reserva de praza

Teñen preferencia as reservas de praza de nenos/as matriculados/as no curso 2011/2012, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e soliciten a reserva na mesma quenda.

Para este curso 2012/2013, e con carácter exepcional, teran preferencia na reserva de praza nas Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas aqueles solicitantes que figuraran como admitidos provisionais nos listados de esas escolas, no anterior curso 2011/2012.

B) Novo ingreso

Poderase solicitar praza en calquera das EIM de Vigo. Os/As solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.

As prazas adxudicaránse por esta orde:

1. *Os/as fillos/as do persoal que preste servizo na Escola Infantil Municipal na que solicitan praza e sexan nai, pai, titora ou titor legal.*
2. *Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza renovada na EIM para o que solicitan praza.*
3. *Para as escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas, os solicitantes que figurasen no listado provisional de admitidos a esas escolas, e por esa orde, na convocatoria correspondente ao curso 2011/2012*
4. *As prazas que queden vacantes adxudicaranse ós/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo I destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.*

C) Solicitudes fóra de prazo

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, de xeito extraordinario o período de solicitudes permanecerá aberto a partir do mes de setembro no caso de existiren prazas vacantes e non existir lista de reserva para a quenda solicitada.

CUARTA.- Horario e calendario das EIM

1. Horario

As EIM dispoñen dun horario continuo de 07.30 h a 20.00 h, dende o mes de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive.

Dentro deste horario de funcionamento, fíxase un horario de permanencia das cativas e cativos na escola:

- ◆ *Permanecerase na escola un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.*
- ◆ *En casos extraordinarios o horario ampliarase ou reducirase, trala valoración técnica das circunstancias das e dos menores.*

As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar polos seguintes quendas tendo en conta as horas máximas e mínimas permitidas:

QUENDA	Mañá	Tarde
HORARIO	07:30 a 15:45 h.	16:00 a 20:00 h.

Para posibilitar a boa marcha das escolas:

- ◆ A entrada pola mañá realizarase entre as 07.30 e as 09.00 horas.
- ◆ A entrada pola tarde será as 16.00 horas.
- ◆ A saída do centro será entre as 15'30 e as 15'45 horas.
- ◆ A quenda de mañán inclúe o servizo de comedor e a quenda de tarde o servizo de merenda

2. Calendario

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral, así declarados pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 1.31º do Real Decreto 1346/1989, do 3 de novembro (BOE do 7 de novembro) e as festas laborais de carácter local publicadas por resolución da antedita consellería, así como o Día do Ensino previsto no calendario oficial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

2.1 Horarios especiais

Os días 24, 31 de decembro e 5 de xaneiro, as escolas infantís municipais pecharán ás 14'00 h.

Con motivo de desenvolver as sesións de traballo do equipo educativo para a preparación da programación do seguinte trimestre as escolas infantís municipais pecharán as 19 h. os días que propoña cada escola á aprobación do Consello Escolar.

O curso escolar comezará o día 06 de setembro de 2012. No caso das Escolas infantís "Tomás Alonso" e "Bouzas" esta data poderá verse modificada, dependendo da data final de resolución do expediente de contratación da xestión e funcionamento das mesmas, así como da data final de autorización administrativa da Xunta de Galicia para a apertura e inicio de actividade destas dúas escolas infantís municipais.

As/os usuarias/os poderán asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período de setembro de 2012 a 31 de xullo de 2013.

QUINTA.-Prestacións

A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, servizo de comedor e de orientación.

SEXTA.- Prezos

1. Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación infantil (Ordenanza nº 23 ano 2012), coas exencións e bonificacións nela contidas. Estas son, para o ano 2012 as seguintes:

Renda per cápita mensual	Matrícula	Mensualidade
Ata 306,25 €	Exento/a	Exento/a
Ata 455,83 € familias numerosas	Exento/a	Exento/a

Entre 306,26 e 320,00€	24,8	24,8
Entre 320,01 e 391,00€	49,6	49,6
Entre 391,01 e 461,00€	74,4	74,4
Entre 461,01 e 534,00€	99,2	99,2
Mayor de 534,01 €	124	124

Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido e diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional.

As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles, se é o caso, a cota máxima en concepto de matrícula.

2. *A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:*
 - a) *Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Servizo Municipal de Educación.*
 - b) *Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será desde o mes no que se lle concede a praza*
3. *Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concurran e se xustifiquen algún dos seguintes casos:*
 - a) *A modificación nos ingresos dalgún membro da unidade familiar, modificación que teña, cando menos, unha duración de 4 meses para ser tidas en conta, xustificándose coa declaración do IRPF, certificado emitido pola Axencia Tributaria, nóminas ou certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a de prestación de desemprego.*
 - b) *A variación no número de membros da unidade familiar.*

SÉTIMA. - Renda per capita mensual

1. *Para os efectos desta Norma, entenderase por renda per capita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.
Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais e fillas/os menores de dezoito anos ou fillas/os maiores de dezoito anos con minusvalidez superior ao 33%. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per capita a que se refire o parágrafo anterior incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.*
2. *Para os efectos desta Norma, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarllas aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

OITAVA.- Solicitudes e documentación

A) SOLICITUDES

As/os interesadas/os poderán solicitar unha praza a través dos modelos normalizados que serán facilitados no Servizo Municipal de Educación e nas Escolas Infantís Municipais Santa Cristina, Atalaia, Santa Marta e Costeira, e poderán tamén descargarse da páxina web municipal.

1.- Solicitudes de renovación

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados, e se atope ó día no pago das cotas, manterá o seu dereito á praza para o curso 2012-2013 na quenda no que estivera matriculado no curso 2011-2012.

O prazo de renovación e entrega de documentación establécese do 15 de marzo ao 13 de abril de 2012

2.- Solicitudes de novo ingreso

As solicitudes conforme ao modelo normalizado, xunto coa documentación requerida presentaranse no Servizo Municipal de Educación ou na Escola Infantil Municipal na que solicita praza en primeira opción. No caso das solicitudes en 1ª opción para as escolas Tomás Alonso e Bouzas, presentaranse no Servizo Municipal de Educación.

O prazo de presentación de solicitudes establécese do 15 de marzo ao 13 de abril de 2012.

3.- Listas provisionais

Unha vez realizada a baremación farase pública a relación provisional de admisións e lista de espera, coa puntuación obtida.

Estas listas expóranse no taboleiro de anuncios das escolas infantís o día 4 de xuño de 2012 e na web municipal. As correspondentes ás escolas Tomás Alonso e Bouzas poderán consultarse só na web municipal e no Servizo de Educación.

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas, no prazo de dez días desde a data de publicación da lista de admisións provisional.

4.- Listas definitivas

Unha vez comprobadas as posibles reclamacións, éstas consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas nos lugares indicados en 8.A.3. a partir do día 29 de xuño de 2012

5.- Formalización de matrícula

a) Renovación alumnado do curso 2011-2012

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o 2 ao 13 de xullo de 2012. Para confirmar a praza deberán obrigatoriamente formalizar o pago de matrícula establecida no prazo que se indica, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

b) Novo alumnado Escolas existentes no curso 2011-2012:

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o 2 ao 13 de xullo de 2012.

Durante este prazo as familias das nenas/nenos admitidos formalizarán a reserva de praza, na EIM onde obtivesen a praza, mediante o pago da matrícula correspondente, caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

- c) *Alumnado das novas Escolas de Tomás Alonso e Bouzas: o prazo de formalización da matrícula será comunicado aos seleccionados unha vez se concrete a data de comezo do curso.*

B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

1.- Alumnado procedente do curso 2011-2012:

Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presenta xunto coa solicitude de renovación a fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

Calquera outra documentación que acredite cambios na situación familiar anterior

2.- Alumnado de novo ingreso:

As solicitudes de novo ingreso terán que presentarse acompañadas da documentación seguinte:

- a) *Unha fotocopia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.*
- b) *Unha fotocopia simple do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar. Deberá acompañar á documentación que se achegue o orixinal no momento da solicitude.*
- c) *Xustificación de ingresos:*

Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de tódos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

Naqueles casos, en que por distintas razóns, non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais por falta de acreditación documental será preciso un informe dos servizos sociais.

- d) *OUTROS DOCUMENTOS, só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:*

- As responsabilidades familiares, no caso de que existan membros que, non formando parte da unidade familiar, estean a cargo dela.*
- O certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez da nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.*
- A xustificación de ocupación actualizada (últimas nóminas, certificación de empresa, vida laboral).*
- Certificación de ser demandante de emprego (con efectos desde o día anterior ao comezo do prazo de presentación de solicitudes), da nai, pai, titora ou titor legal.*
- Certificación do INEM que acredite se é beneficiario/a de prestación de desemprego.*

A condición de familia monoparental, entendida como a formada pola nai ou pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez, acreditarase mediante:

- fotocopia compulsada do libro de familia*
- certificado de convivencia de data anterior ao día 1/01/2012*
- sentenza de separación/divorcio*
- convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais*
- A ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais.*
- O título de familia numerosa.*

NOVENA.- Tramitación

O Servizo de Educación do Concello de Vigo, comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fíxese así, se terá por desistido da súa petición.

O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que coiden precisos para a máis eficaz realización do seu cometido

DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes

- 1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no ANEXO I desta Norma, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.*
- 2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:*
 - Presidencia: o xefe do servizo de Educación*
 - Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e dous funcionarios/as do servizo municipal de Educación, un/ha deles actuando de secretario/a, nomeados pola concelleira delegada de Educación.*

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

- 3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección á concelleira de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.*

A relación provisoria de admitidas/os e lista de agarda, coa puntuación obtida, poderase consultar no Servizo Municipal de Educación, así como nas páxinas web municipal e nas respectivas Escolas Infantís Municipais. No caso das novas Escolas Tomás Alonso e Bouzas, poderán consultar só no Servizo municipal de Educación e páxina web municipal.

UNDÉCIMA.- Reclamacións

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisoria. Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

DUODÉCIMA.- Relación definitiva de adxudicatarias/os de praza.

- 1. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisoria, a concelleira delegada de Educación aprobará a relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte. Esta relación poderase consultar nos mesmos lugares cá relación provisoria.*
- 2. As/os solicitantes admitidas/os -agás os das escolas Tomás Alonso e Bouzas que se atarán ao disposto no apartado 8ª.A.5.C- disporán desde o 2 ao 13 de xullo de 2012, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o recibo de pagamento da matrícula. Presentarán asemade nese momento certificado médico oficial. Para os ingresos fóra do prazo os 10 días naturais contarase desde o día seguinte ao da notificación da resolución da concesión da praza.*

3. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza . Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude
4. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas

DÉCIMO TERCEIRA.- Lista de agarda

1. A lista de agarda será única e estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das Escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.
2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de agarda.
3. No caso de adxudicarse a vacante nalgunha das Escolas solicitadas, e o beneficiario renuncia a ocupala, pasará automaticamente ao posto derradeiro da lista de espera.

DÉCIMO CUARTA.- Baixas

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:
 - a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
 - b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.
 - c) Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda. Sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.
 - d) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
 - e) Pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
 - f) Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
 - g) Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.
2. As baixas motivadas polo establecido nas líñas e), f) e g), resolveraa a concelleira delegada de Educación unha vez escoitada a dirección do centro en que estea a/o nena/o matriculada/o e tras informe técnico do Servizo de Educación municipal. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución concelleira delegada de Educación.
3. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranas as/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

DÉCIMO QUINTA.- Regulamento xeral

Estas normas serán de aplicación ao curso 2012-2013. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e ao Regulamento xeral da Rede de Escolas Infantís Municipais que, se é o caso, aprobe o Concello de Vigo.

ANEXO I NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM) PARA O CURSO 2011/2012

BAREMO

BAREMO DE APLICACIÓN	PUNTOS
SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente) (O IPREM ANUAL PARA 2011 É DE 7.455,14,-€)	
<i>Inferior ao 25% do IPREM</i>	4
<i>Entre o 25% e o 50% do IPREM</i>	3
<i>Entre o 50% e o 75% do IPREM</i>	2
<i>Entre o 75% e o 100% do IPREM</i>	1
<i>Entre o 100% e o 125% do IPREM</i>	-1
<i>Entre o 125% e o 150% do IPREM</i>	-2
<i>Superior ó 150% e inferior ao 200% do IPREM</i>	-3
<i>Igual ou superior ao 200% do IPREM</i>	-4
SITUACIÓN LABORAL	
<i>Situación laboral de ocupación:</i> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Nai</i> • <i>Pai</i> <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros.</i>	3 3
<i>Situación laboral de desemprego:</i> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Nai</i> • <i>Pai</i> <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros.</i>	2 2
SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR	
<i>Por cada membro da unidade familiar</i>	2
<i>Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta</i>	1
<i>No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple</i>	1
<i>Por cada membro da unidade familiar, afectado por minusvalía, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia</i>	2
<i>Por condición de familia monoparental</i>	3
<i>Por condición de familia numerosa</i>	3
<i>Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais</i>	6
<i>Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:</i>	Ata 3
SITUACIÓN RESIDENCIAL	
<i>Alumnos/as domiciliados na zona (Distrito postal)</i>	2

9(259).- PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 7.05.01 DE ASIGNACIÓN DO CITIC AO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO. EXPTE. 8654/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, do 23.02.12, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

Na Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2001, no punto 21 da orde do día adoptouse entre outros asuntos o acordo de autorizar o "Uso do Edificio da Antiga Casa Rectoral rehabilitado dentro do Programa Urban- Casco Vello, como Centro de Formación en Novas Tecnoloxías da Información Expte: 777/450.

Neste expediente informabase do seguinte:

"Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico e coordinador técnico do Urban, Sr. Ojea Pérez, do 18-04-01, en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

Próxima a entrega das obras de rehabilitación da antiga Casa Rectoral incluídas dentro das accións previstas do Programa operativo URBAN-Casco Vello, elabórase o seguinte informe coa finalidade de establecer os usos futuros deste edificio.

ANTECEDENTES

Dentro das accións cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional -medida equipamentos sociais-, incluíuse no programa inicial a creación de un Centro de Servizos Comunitarios que dese cabida a distintos usos vinculados coa dinamización social do barrio histórico.

Esta medida foi reprogramada a proposta do Concello de Vigo no 2º Comité de Seguimento do programa celebrado en Sevilla, no sentido de executar esta acción mediante a rehabilitación de dous edificios antigos en lugar da construción de un de nova planta. Asemade integrouse nesta acción outra medida das programadas inicialmente -Local asociación de veciños-, de maneira que este se integra-se nun dos dous edificios xunta con outros servizos comunitarios e municipais.

Desta reprogramación xurdiron dous equipamentos:

Casa Rectoral (Centro de Servizos Comunitarios I): este edificio foi cedido por 25 anos ó Concello de Vigo polo Bispado de Tui-Vigo. O destino deste edificio unha vez rehabilitado sería o de Centro de formación e auditorio para actividades comunitarias. Ademais, segundo o Convenio co Bispado, debería reservarse un local no mesmo para o depósito das andas do Cristo da Victoria e debería permitirse o ensaio da coral da parroquia de santa María.

Edificio en Cárcere Vello (Centro de Servizos Comunitarios II): edificio de propiedade municipal. O seu destino sería o de sede da Asociación de Veciños, local de servizos sociais e de dependencias vinculadas ó proceso de rehabilitación do Barrio.

Situación actual:

Unha vez contratadas as obras á empresa ORECO, está previsto o seu remate a mediados do próximo mes de maio. O proxecto executado resposta a un programa de necesidades flexible que permite o acollemento nas súas instalacións de actividades formativas en pequeno e mediano grupo, zonas de administración e salón de actos, ademais da previsión -contida no convenio xa citado- dun local para o depósito das andas do Cristo da Victoria.

No proceso de rehabilitación do edificio, habida conta do destino principal do edificio a centro de formación, propúxose ó Servicio Municipal de Desenvolvemento Local e Emprego, a realización da proposta de uso que considerasen máis conveniente tendo en conta as seguintes premisas:

- *Deberá destinarse a actividades de formación ocupacional con carácter prioritario*
- *Deberán terse en conta no seu uso os condicionantes incluídos no Convenio de cesión asinado co Bispado de Tui-Vigo*
- *O Salón de Actos conservará este uso e compatibilizaráanse as actividades do propio Centro coas sociocomunitarias.*

Da valoración feita polo Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego das posibilidades do edificio e das necesidades de equipamentos vinculadas ós obxectivos e programas de formación ocupacional promovidos polo Concello de Vigo, xurdíu a proposta de que se destinase o mesmo a Centro de Formación en Novas tecnoloxías da información, continuando -dende outros parámetros- a experiencia, metodoloxía e equipamento doutros proxectos financiados pola Unión Europea (nomeadamente ADAPT-bis-PEGASO)

Respecto desta proposta, o técnico que asina, valora:

- *O uso proposto intégrase perfectamente nos obxectivos para este equipamento propostos dentro do Programa URBAN, xa que o edificio estaba destinado para Centro de Formación.*
- *O destino formativo en novas tecnoloxías da información semella moi adecuado na ubicación proposta, pois permite unha actividade de futuro dentro do Casco Vello, diversificando a actual tendencia a usos exclusivamente culturais dentro deste barrio que poden dar lugar a unha excesiva prevalencia da identificación do Casco Vello como monumento, coas connotacións estáticas que isto pode supoñer.*
- *A especialización en novas tecnoloxías da información deste Centro pode resultar moi adecuada ó obxectivo de dinamización social do Barrio, na medida en que os clientes potenciais desta formación pertencen xeralmente a un sector xoven, activo e creativo, que pode tirar coa súa presenza do sector comercial e cultural do barrio histórico.*
- *Os programas de novas tecnoloxías da información constitúen unha das prioridades nas accións dos programas europeos.*

Corresponde a este Departamento de Patrimonio Histórico, no que actualmente se integra a Unidade Administrativa URBAN, soamente a execución das accións previstas e non a continuidade da xestión dos equipamentos creados como consecuencia da implementación do programa. Neste sentido e á vista do anteriormente dito PROPONSE:

- *Asignar a xestión do equipamento denominado Centro de Servicios Comunitarios I- Centro de Formación, edificio da antiga Casa Rectoral rehabilitado dentro do programa operativo URBAN-Casco Vello ó Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, para o seu uso como Centro de Formación en Novas tecnoloxías da información.*
- *Na xestión deste Centro deberá terse en conta os seguintes condicionantes:*

- Deberá estarse ó disposto no Convenio de Cesión do Edificio asinado entre o Concello de Vigo e o Bispado de Tui Vigo aprobado polo Pleno do Concello de 17/11/97 e, en concreto, no referido ó depósito das andas do Cristo da Victoria e dos ensaios da Coral da Parroquia de santa María.
- O Salón de Actos do edificio poderá ser utilizado tamén para a realización de actividades culturais e sociocomunitarias.

ACORDO

A Comisión de Goberno, en conformidade co antedito informe-proposta, por unanimidade, acorda:

1º.- Asigna-la xestión do equipamento denominado Centro de Servicios Comunitarios I- Centro de Formación, edificio da antiga Casa Rectoral rehabilitado dentro do programa operativo URBAN-Casco Vello ó Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, para o seu uso como Centro de Formación en Novas tecnoloxías da información.

2º.- Na xestión deste Centro deberá terse en conta os seguintes condicionantes:

- Deberá estarse ó disposto no Convenio de Cesión do Edificio asinado entre o Concello de Vigo e o Bispado de Tui Vigo aprobado polo Pleno do Concello de 17-11-97 e, en concreto, no referido ó depósito das andas do Cristo da Victoria e dos ensaios da Coral da Parroquia de santa María.
- O Salón de Actos do edificio poderá ser utilizado tamén para a realización de actividades culturais e sociocomunitarias.”

Seguindo as indicacións do Concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado o persoal que ata agora traballaba neste Centro de Formación en Novas Tecnoloxías (CITIC) foi reasignado as instalacións do “ Centro de Emprego e das ocupacións”, por adscripción da xestión de parte deste último centro ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e por mellor ubicación para o desenvolvemento das accións a levar a cabo polo servizo, tendo constancia ademais que o CITIC é unha das propostas para unha posible ubicación das instalacións cedidas polo Concello de Vigo a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

Toda vez que este centro queda valeiro de persoas non de material mesas, cadeiras, armarios, ordenadores,.....etc, adxúntase tamén un informe relativo ao Inventario do CITIC (Anexo I) para os efectos de inventariado por parte do servizo de Patrimonio Municipal, quedando deste xeito constancia do equipamento que queda no mesmo.

Por todo o anteriormente citado, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

- Deixar sen efecto o acordo de asigna-la xestión do equipamento denominado Centro de Servicios Comunitarios I- Centro de Formación, edificio da antiga Casa Rectoral rehabilitado dentro do programa operativo URBAN-Casco Vello ó Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, para o seu uso como Centro de Formación en Novas tecnoloxías da información.
- Dar conta do acordo ao servizo do Patrimonio municipal aos efectos de anotación no inventario municipal de tódolos bens que quedan neste centro segundo o anexo I que se adxunta no expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(260).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS. EXPTE. 8768/77.

Visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 28.02.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de axuda á Consellería de Traballo e Benestar para financiar a realización dos cursos que deseguido se relacionan de acordo co establecido na ORDE do 30 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2012:

- Operacións auxiliares de instalación de ascensores.
- Interpretación e Educación ambiental
- Xestión de Teleasistencia.
- Prestación de servizos bibliotecarios.
- Conductora de vehículos clase de D (para mulleres sin formación cualificada).
- Conductora de vehículos clase C1-C (para mulleres sin formación cualificada).
- Transporte de mercadorias por estrada CAP (para mulleres sin formación cualificada).
- Transporte de mercadorias por estrada CAP (para mulleres sin formación cualificada).

2º- Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, para a sinatura da documentación necesaria para a presentación da solicitude ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

11(261).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO F-00473-C-006. EXPTE. 5419/224.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 28.02.12, conformado pola concelleira de Igualdade, que di o seguinte:

O día 15 de xullo de 2011 o equipo de profesionais do Centro Municipal de información dos dereitos da Muller (CMIDM), adscrito á Concellería de Igualdade emite informe no que se expón a problemática familiar de D^a Belén Varela Patiño, vítima de violencia de xénero, e se reflicte a necesidade de procurarlle con carácter de urxencia un recurso alternativo de acollemento temporal, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación de urxencia descrita no proxecto de intervención emitido polo CMIDM a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 2 de setembro de 2011, autoriza a cesión temporal da vivenda municipal identificada co número F-00473-C-006 no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Comunidade autónoma, co obxecto de que D^a Belén Varela Patiño a ocupe por un período máximo de 6 meses.

Desde o día 6 de setembro de 2011 a Sra. Varela permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento emitido con data 24 de febreiro de 2011 polo equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller a teor da situación psicolóxica, xurídica e social da unidade familiar, conclúese a importancia de prorrogar a estancia da Sra. Varela na vivenda de protección municipal.

Por todo o exposto, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO QUE ADOPTE O SEGUINTE ACORDO:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-006 por un período máximo de 6 meses de duración a contar desde o día 6 de marzo de 2012 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 5419/224.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(262).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 27.756,56 € A FAVOR DE “GROUPAMA PLUS ULTRA SEGUROS Y REASEGUROS S.A.” POLA COBERTURA DO SEGURO DA FLOTA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS. EXPTE. 8896/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.02.12, o informe de fiscalización do 17.02.12, e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 7.02.12, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva do gasto derivado da cobertura do seguro da flota de vehículos municipal correspondente ao período do 27/11/2011 hasta o 31/12/2011, que figura na factura emitida pola aseguradora “Groupama Plus Ultra Seguros y Reaseguros, S.A.”, por importe de 27.756,56 euros, en concepto de prima. O referido importe debe facerse efectivo a nome de B.V.C. Artai Correduría de Seguros, tal como figura na propia nota de cargo.

Recoñecer a correspondente obriga xa que existe crédito na partida orzamentaria destinada a este fin, a 9222.224.00.00.

13(263).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE DILIXENCIAS INFORMATIVAS DE CARÁCTER RESERVADO PARA ESCLARECEMENTO DE FEITOS E RESPONSABILIDADE DISCIPLINARIA DO FUNCIONARIO DE POLICÍA CON CARNET Nº 294373. EXPTE. 34952/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente-xefe da Policía Local, do 16.02.12, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Incoar dilixencias informativas de carácter reservado en relación cos feitos acontecidos o 28 de setembro de 2011 e contidos no atestado con ref. nº 333/D-11, confeccionado por funcionarios da policía local e remitido ao Xulgado de Instrución nº 5 de Vigo, así coma da Executoria da que trae causa, ao obxecto de esclarecer se existen motivos bastantes para incoar expediente disciplinario contra o funcionario de carreira con posto de traballo de Policía e carnet profesional nº 294373.

2º.- Nomear Instrutor das citadas dilixencias ao funcionario de carreira con posto de traballo de Adxunto Xurídico da Policía Local, D. Antonio Vivero Mijares.

14(264).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 22790/220.

Visto o informe de fiscalización, do 23.02.12, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 7.02.12, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 8.667,94 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro seguinte -que comeza por D. Eugenio Cobas Rey e que remata en D. Luis Felipe Comesaña Arribas-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
65743-250	Vías e Obras	Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Dec 2011- Xaneiro 2012	468,78 €
65784-250		Berros Pérez, Alfonso	32.873.182-H	78966	Decembro 2011	360,60 €
65797/65923-		Villar Estébez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Dec 2011-Xaneiro 2012	542,64 €

250						
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Dec 2011-Xaneiro 2012	399,95 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Dec 2011-Xaneiro 2012	333,26 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Dec 2011-Xaneiro 2012	315,40 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Dec 2011-Xaneiro 2012	424,46 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Nov-Dec 2011-Xan 2012	786,03 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Xaneiro 2012	195,70 €
65483/65742/65 898-250		Rodríguez Carballo, Agustín	35.981.050-B	77170	Nov - Dec 2011- Xanei- ro 2012	360,06 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Xaneiro 2012	269,23 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Xaneiro 2012	268,28 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Xaneiro 2012	268,28 €
5509-320	Part. Cidadá	Zaragoza Bastos, Juan	35.997.115-E	17704	Decembro 2011	45,60 €
8710/8739-77		Gutiérrez Orúe J.Francisco	13.894.232-R	13920	Dec 2011-Xaneiro 2012	64,15 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Decembro 2011	301,91 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Decembro 2011	224,96 €
81898-210	Mobili.Trans.e Seg	Alonso González, José Ra- món	36.026.001-C	15208	Xaneiro 1012	130,91 €
81899-210		Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Xaneiro 1012	94,24 €
81900-210		Rodríguez Caramés, José Manuel	35.547.314-D	15355	Xaneiro 1012	75,43 €
81901-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Xaneiro 1012	159,98 €
24639/24769- 502	Inspección Tri- butos	Román Casas, Juan Carlos	36.011.347-V	8349	Decembro 2011	117,23 €
		Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Nov-Dec 2011	299,44 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Nov-Dec 2011	362,90 €
		Mosquera Pérez, Gonzalo	35.982.394-K	12351	Nov-Dec 2011	364,61 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Nov-Dec 2011	286,33 €
		Domínguez Vázquez, José Manuel	36.006.131-E	8361	Nov-Dec 2011	340,10 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Nov-Dec 2011	479,18 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Decembro 2011	53,20 €
		Márquez Losada, Manuel Enrique	52.500.559-T	23509	Decembro 2011	5,32 €
19412/19413/19 414-240	Patrimonio e Contratación	Comesaña Arribas, Luis Feli- pe	00.139.795-R	11239	Out-Nov-Dec 2011	269,78 €
TOTAL						8.667,94 €

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	4.992,67 €
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	109,75 €
1210	Conserxería	526,87 €
2220	Mobilidade, Seguridade e Transportes	460,56 €
9310	Inspección Tributos	2.249,79 €
1640	Cemiterios	58,52 €
9226	Patrimonio e Contratación	269,78 €
	TOTAL	8.667,94 €

15(265).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE AUTORIZA O REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO DA FUNCIONARIA D^a BEATRIZ CARRASCO GONZÁLEZ. EXPTE. 22850/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión de Recursos Humanos, do 22.02.12, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Con data 26 de xaneiro de 2012 (doc. 120008794), D^a Beatriz Carrasco González, funcionaria municipal, con nº de persoal 80569, auxiliar de administración xeral, solicita a reincorporación ao seu posto de traballo así como redución de 1/3 da xornada a partir do 1 de marzo de 2012.

A interesada, con praza e posto de auxiliar de administración xeral foi declarada en situación de excedencia polo coidado dun fillo por acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de marzo de 2010, de conformidade co previsto no art. 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Dita solicitude foi remitida á Alcaldía que con data 20 de febreiro de 2012 informa que non existe inconveniente en aceptar o reingreso na oficina de Alcaldía así como a redución de 1/3 da xornada laboral.

O art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións.

Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 17/6/2011 corresponden ao Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:

Primeiro.- Autorizar o reingreso provinte da situación de excedencia por coidado de fillo da funcionaria municipal D^a Beatriz Carrasco González, con nº de persoal 80569, no seu posto de auxiliar de administración xeral, cod. Retributivo 188-Auxiliar Alcaldía, con efectos do 1 de marzo de 2012.

Segundo.- Autorizar unha redución de xornada de 1/3 coa correspondente diminución das súas retribucións por coidado de fillo, de conformidade co previsto no art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Terceiro.- Notificar a presente á interesada, Alcaldía, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado Nóminas), Área de Réxime Interior (Sra. Xefa da Área, Técnico de Planificación e Organización, Inspección de Persoal) e Servizo de Recursos Humanos (Seguridade Social) aos efectos oportunos.

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 22.02.12, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

16(266).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2012. EXPTE. 22813/220.

Visto o informe de fiscalización, do 24.02.12, e de acordo co informe-proposta da xefa da técnica de avaliación e formación, do 14.02.12, conformado pola xefa do

Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Xaneiro	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	486,42	76,16	562,58
Alcaldía (Ofic)	Xaneiro	De Abalde Comesaña, Raquel	80,40	0,00	80,40
Policía Local	Xaneiro	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	41.956,44	26.750,76	68.707,20
Parque Central	Xaneiro	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José Antonio	1.021,08	758,88	1.779,96
Parque Móbil	Xaneiro	De Amoedo García, Antonio a Riveiro Rodríguez, José	366,83	991,44	1.358,27
Extinción Incendios	Xaneiro	De Alonso Covelo, Vicente a Nogueira Casas, José	651,24	146,88	798,12
Cemiterios	Xaneiro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.535,70	0,00	2.535,70
Montes, Parques e Xardíns	Xaneiro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.378,86	709,92	2.088,78
Desinfección	Xaneiro	De Pardellas Aviión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	72,36	65,28	137,64
Electromecánicos	Xaneiro	De Arias Rodríguez, Dámaso	126,63	269,28	395,91
Conserxería	Novembro	De Vázquez Álvarez, Rosa T	49,81	8,16	57,97
Museo	Decem/Xaneiro	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	553,76	0,00	553,76
	TOTALES		49.279,52	29.776,76	79.056,28

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 79.056,28 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS

17(267).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2012. EXPTE. 22810/220.

Visto o informe de fiscalización, do 22.02.12, e de acordo co informe-proposta da xefa da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.02.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade corresponde aboar polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, as cantidades que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Javier Fernández Riveiro e remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascende a un total de 90'80 euros, correspondente ao mes de

xaneiro de 2012 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

18(268).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2012. EXPTE. 22811/220.

Visto o informe de fiscalización, do 22.02.12, e de acordo co informe-proposta da xefa da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.02.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de xaneiro de 2011, e que ascenden a un total de 1.128'40 € (mil cento vinte e oito euros con coarenta céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

19(269).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAIS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2011. EXPTE. 22786/220.

Visto o informe de fiscalización, do 22.02.12, e de acordo co informe-proposta da xefa da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.02.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Servizo de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Vías e Obras, Parque Central, Parque Mobil, Desinfección, Medio Ambiente, Sanidade, Limpeza, Educación, Omic e Patrimonio Histórico, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 5.515'03 € correspondentes ó 3º e 4º trimestre de 2011 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

20(270).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2012. EXPTE. 22809/220.

Visto o informe de fiscalización, do 21.02.12, e de acordo co informe-proposta da xefa da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.02.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Xaneiro-2012 e que ascenden a un total 611'00 € (SEISCENTOS ONCE EUROS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

21(271).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á D^a. BEATRIZ MACÍA LÓPEZ, DIRECTORA DE ASPANAEX, CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DA XXVII MARCHA ASPANAEX. EXPTE. 82056/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 23.02.12, conformado polo concelleiro da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 07 de xullo de 2011 por parte de Beatriz Macías López, Directora de ASPANAEX con NIF G36605905, por un importe de 4.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da celebración da XXVII Marcha Aspanaex, por non producirse danos.

22(272).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES ESMERODE S.L. CONSTITUÍDO POR OBRAS NA RÚA PI Y MARGALL, 72. EXPTE. 82028/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 21.02.12, conformado polo concelleiro da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 27 de abril de 2011 por CONSTRUCCIONES ESMERODE, S.L. con NIF B-36703494, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PI Y MARGALL, 72 por non producirse danos.

23(273).- DAR CONTA DO PASO Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓN PROVISIONAL POR EXECUCIÓN SUBSIDIARIA. EXPTE. 5993/407.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Tesourería e xestión de ingresos, do 14.02.12, conformado pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

O 5 de outubro de 2011 a concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos resolveu aprobar a liquidación provisional por importe de 557.158,65 euros, a nome da entidade Churruca Villas y Promociones, S.A., en concepto de execución subsidiaria da obra de derruba parcial do edificio de vivendas sito na rúa Churruca nº 3 e 5, esquina rúa Gravina (exp. 15529/423).

Dita resolución, xunto coa carta de pagamento correspondente foron entregados ao representante da interesada o 13 de outubro de 2011, polo que o prazo voluntario de pagamento rematou o 20 de novembro de 2011.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada da seguinte liquidación provisional por execución subsidiaria que se remite ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Churruca Villas y Promociones, S.A. (CIF A-36.811.107) 557.158,65 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

24(274).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CMT CID CONSTRUCCIONES S.L. CONSTITUÍDO POR OBRAS NA RUA REDOMEIRA. EXPTE. 65764/250.

Visto o informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 23.02.12, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución do aval depositado a nome de CMT Cid Construcciones, S.L. para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar no dominio público pola obra de canalización feita na rúa Redomeira, por importe de 506,00 € (cinco-centos seis euros)

25(275).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.